

**CONCELLO DE VIGO**
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 97/142

Asunto: Remisión de información para anexar ao Orzamento da Entidade**Dirixido a:** Fundacións dependentes do Concello de Vigo, que forman parte do Grupo Concello de Vigo por estar incluídas no perímetro de consolidación.**Fundacións incluídas:** MARCO, CONVENTION BUREAU e LISTE**Orzamento:** 2026**Resolución da Alcaldía Presidencia de inicio expediente para a formación dos Orzamentos do ano 2026:** 01/07/2026**Directrices aprobadas polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda para formación do Orzamento 2026:** Resolución de 08/07/2025**Remisión da información:** 15/09/2025

O Ministerio de Facenda engadiu unha fundación máis ao perímetro de consolidación, a Fundación Liste por ter financiamento maioritariamente público, pasa a ter a condición ente dependente, polo tanto, queda baixo a tutela da dirección da Entidade Matriz.

A información para formar o Orzamento 2026 que se remita, é a mesma que a teñen que someter á aprobación do seu orzamento ao órgano competente da Fundación, non pode haber variación cuantitativa, xa que os orzamentos non limitativos das fundacións que forman parte do perímetro de consolidación, sonl tramitados e aprobados conxuntamente coa da Entidade matriz e o dos demais entes con orzamento limitativo.

INFORMACIÓN A SUBMINISTRAR AO CONCELLO PARA A SÚA INCORPORACIÓN AO ORZAMENTO.**a) Marco orzamentario de medio prazo.**

No que se enmarcará a elaboración dos Orzamentos anuais, de conformidade co artigo 6 da Orde 2105/2012.

Esta información deberá reflectir unha previsión da Liquidación do orzamento do ano (n) e unha previsión orzamentaria dos anos (n+1, n+2 e n+3), neste caso, liquidación prevista para o ano 2025 e marco orzamentario dos anos 2026, 2027 e 2028.

Deberá estar a disposición da Entidade con data límite a última semana de febreiro, sendo o prazo de remisión de toda a información consolidada pola Entidade Matriz o 15 de marzo.

Normas para a formación do orzamento do ano 2026 1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:39	Páxina 1 de 6
97-142	CSV: A9AFD2-BDDC29-B5D1BD-2CVBAZ-SNJJ9B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 97/142

Como non foi remitida, a Dirección Orzamentaria fixo unha previsión e foi incluída na remisión que se trasladou ao Ministerio de Facenda (MINHAFP), tomando como base a Liquidación do ano 2024 para a proxección da Liquidación do ano 2025. Para o marco orzamentario de medio prazo, estimouse a evolución tendencial da economía española a medio prazo.

b) Liñas fundamentais do orzamento.

En cumprimento do previsto no art. 15.1 da Orde HAP/2105/2012, esta información conterá o proxecto de orzamento do ano (n+1). Estará a disposición da Entidade matriz con data límite do 1 de setembro do ano (n). O prazo para a Entidade matriz de aprobación, consolidación e remisión e do 15 de setembro do ano (n).

A información para formar as Liñas fundamentais do Orzamento do ano 2026, deberá estar remitida a esta Entidade con data límite 9 de setembro, en caso contrario, será esta dirección quen faga unha estimación da Liquidación do orzamento do ano 2025 e a previsión do ano 2026. A previsión da Liquidación será a que se faga constar no portal do MINHAFP correspondente ao SEGUNDO trimestre.

En canto ao Orzamento do ano 2026, as achegas da Entidade Matriz, darán cobertura ás variacións que supón as actualizacións do capítulo 1 e 2, sendo as contías as seguintes:

Fundación MARCO. 770.000 euros.

Fundación VCB: 250.000 euros.

Fundación LISTE: 127.000 euros.

c) Orzamento do ano 2026.

En cumprimento do previsto no artigo 168 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, aos efectos de incluír o Orzamento das Fundacións dependentes do Concello como un ANEXO nos orzamentos que tramita a Entidade matriz para o ano (n+1), con data límite 15 de setembro do ano (n), teñen que remitir o proxecto de orzamento ou o denominado Plan de investimento e financiamento (PAIF) para o ano (n+1). No caso que nos ocupa, deberán ter achegado a información orzamentaria con data límite do 16 de setembro, documento que deberá estar asinado.

A contía da información que se envía, deberá ser o límite co que se aproben os orzamentos do ano 2026, xa que a información remitida, será incluída no anexo dos Orzamentos do Concello para o ano 2026 e sometida á consideración do Pleno.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:39	Páxina 2 de 6
97-142	CSV: A9AFD2-BDDC29-B5D1BD-2CVBAZ-SNJ9B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE E REGRA DE GASTO

Ao igual que acontece para o PMP e MOROSIDADE, o cumprimento das regras fiscais de Estabilidade orzamentaria e da Regra de Gasto, afectan ao Grupo do perímetro de consolidación, polo que deberán tramitar e executar os orzamentos sempre dentro dos termos fixados anualmente polo MINHAFP e aprobados polas Cortes Xerais.

Estabilidade orzamentaria

En cumprimento do previsto no artigo 11, da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do sector público someterase ao principio de estabilidade orzamentaria.

$\sum (\text{ingresos non financeiros}) \geq \sum (\text{gastos non financeiros: aprovisionamentos, persoal, outros gastos de actividade})$, é dicir, que os ingresos non financeiros sexan $\geq$ que os gastos non financeiros.

O obxectivo anual para o subsector local, é o de equilibrio ou superávit.

Este obxectivo require que con carácter trimestral se avalíe a situación por si fose necesario relentizar o gasto en relación co incumprimento das previsións de ingreso.

En termos de ingreso non financeiro, computan os ingresos pola actividade propia e as achegas e doazóns recibidas.

Nos gastos non financeiros, computan: Gastos de persoal, outros gastos de actividade, aprovisionamentos (signo negativo) e os gastos financeiros.

Regra de gasto

A variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB).

Gasto computable = $\sum (\text{gastos de aprovisionamentos, persoal, outros gastos de actividade. Non computan as amortizacións nin o deterioro por enaxenacións do inmovilizado})$.

Non computan os gastos financiados con enaxenacións de bens.

Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do





CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 97/142

gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

Cumprimento das Regras Fiscais a ter en conta na formación do Orzamento para o ano 2026.

Ao ser rexeitado polo Congreso dos Deputados en sesión do día 23 de xullo de 2024 o Acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo, aos efectos de cumprimento das regras fiscais, ten carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello Europeo, quedando fixados os seguintes obxectivos:

Sector público	2024	2025	2026
Subsector local	0.20%	0.10%	0.20%
Conxunto das AAPP	-3.00%	-2.70%	-2.50%
Capacidade/necesidade de financiamento, SEC-2010, % do PIB			

Este obxectivo é obrigatorio para o subsector, aínda que difícil de aplicar a cada entidade local, xa que non é coñecido que contribución fai individualmente cada entidade á formación do PIB nacional, polo tanto, a análise e a obriga de cada ente do subsector local, e liquidar o Orzamento do ano 2025 e formar o Orzamento do ano 2026 en equilibrio ou superávit.

Da proxección da Liquidación Orzamentaria que se incorpora ao expediente correspondente ao ano 2025, vaise dar cumprimento ao obxectivo.

Regra de gasto

En canto ao teito de gasto, a recomendación da Comisión Europea a España foi de que a mesmo evolucionase a unha taxa non superior que o 2,8% do PIB como máximo para o ano 2026.

En canto á regra de gasto, non ten que ser aprobada polas Cortes Xerais, polo que é vinculante o acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo de 2024, no que se fixaron os coeficientes de evolución do gasto para o período 2025-2027.

	2025	2026	2027
Regra de gasto para o conxunto das AAP	3.20%	3.30%	3.40%





CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 97/142

A taxa de variación aplicable ao 2026 sobre a liquidación prevista do ano 2025, unha vez axustada, non superará o 3,30%

Da proxección da Liquidación Orzamentaria que se incorpora ao expediente correspondente ao ano 2025, vaise dar cumprimento ao obxectivo.

Actualización dos Gastos de persoal

(Gastos de Persoal).

En relación ao ano 2025, a esta data non está aprobada a actualización, o Orzamento aprobado polo Concello de Vigo o 23/12/2024, tiña prevista unha actualización do 2%. A variación do IPC₂₀₂₄ foi do 2,8%, polo que, vaise a considerar unha actualización do 2% para o ano 2025 sobre a base das retribucións xa incrementadas do ano 2024. Esta actualización, de aprobarse a norma, tería efectos desde o 1 de xaneiro de 2025.

Para o ano 2026, as previsións de inflación do Banco de España son do 1,7% e as de Funcas, do 1,9%, polo que, debemos cosiderar unha media, estimando unha variación nos custes de persoal en termos del actualización das retribucións do 1,8%.

En aplicación do devandito acordo, ao efecto de avaliar as previsións orzamentarias, o cálculo dos conceptos retributivos do capítulo 1 se revisarán sobre a base do ano 2025, que está actualizada con 2,5% sobre a base do 2023 (2%₂₀₂₄ +0,5% da Orde PJC/681/2025), aplicarase o 2% do ano 2025, se esa é a actualización que se aproba finalmente para o ano 2025, e sobre esa base de cálculo aplicarase o 1,8% para o ano 2026.

En resume, aplicada xa a Orde PJC/681/2025, a base de cálculo para o ano 2026, será a seguinte: $\text{Base } 2025 \times 1,02_{2025}$, pendente de aprobar , sobre a mesma, aplicarase o 1,8%₂₀₂₆, é dicir, si tomamos a base 2025 unha vez aplicada a Orde PJC/681/2025, sería multiplicar por 1,03836, dos cales, como se fai referencia nesta instrución, o 2% do ano 2025 e sobre esta base, o 1,8% para o ano 2026.

De resultar que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2026, contemplase unha actualización distinta, as retribucións variarán en función do que estableza a Lei, en máis ou en menos. Se a variación fose maior, esta se aplicará con cargo ás dotacións das prazas vacantes e o gasto efectivo imputaríase á bolsa de vinculación xurídica dos créditos, que como é coñecido, as Bases de Execución do Orzamento establecen a Área e o Capítulo para os gastos de persoal, coas excepcións que se regulan nas devanditas Bases para as aplicacións de produtividade, gratificacións, contratos temporais e custe da seguridade social de este tipo de contratos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:39	Páxina 5 de 6
97-142	CSV: A9AFD2-BDDC29-B5D1BD-2CVBAZ-SNJJ9B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 97/142

Gastos de funcionamento, mantemento e programas

Manterase o nivel de gasto do ano precedente, agás que a Fundación obteña recursos adicionais para financiamento de actividades e programas.

En Vigo á data da sinatura electrónica.

O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

Conforme: O Concelleiro Delegado da Área do Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Delegación da área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 28 de xuño de 2024 e corrección erros do 1 de xullo, publicada no BOPPO nº 134 de 10 de xullo, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, publicada no BOPPO nº 134 do 10 de xullo de 2024



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:39	Páxina 6 de 6
97-142	CSV: A9AFD2-BDDC29-B5D1BD-2CVBAZ-SNJJ9B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		